

Materia	ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE	Pág.	1
Curso / Ciclo	CURSO 2015-2016/ EDUCACIÓN INFANTIL		
Mestras	ALICIA TILVE		

CONTIDOS

- Vivencia e toma de conciencia de tódolos órganos articulatorios.
- Praxias orofaciais.
- Adquisición e/ou consolidación de fonemas vocálicos e consonánticos.
- Discriminación auditiva e fonética.
- Expresión e comprensión das linguaxes (oral, xestual,...)
- Vivencia e práctica da función respiratoria.
- Dominio do sopro.
- Hixiene nasal.
- Vivencia e práctica da función olfativa.
- Práctica da relaxación.
- Atención.
- Coñecemento e control da motricidade.
- Esquema corporal.

OBXECTIVOS

- Exercitar praxias orofaciais para a correcta articulación das palabras.
- Producir e emitir distintos fonemas.
- Potencia-la atención e a memoria como prerequisites para calquer aprendizaxe.
- Utilizar a linguaxe e as súas funcións: pedir, mandar, saudar, comunicar sentimentos, preguntar, describir, explicar, imaxinar, etc.
- Practicar interaccións correctas en diferentes situacións.
- Domina- las habilidades sociais.
- Aprender a respirar correctamente. Coñecer e controlar a mecánica respiratoria.
- Controlar o sopro.
- Incorporar hábitos de autonomía na propia hixiene nasal.
- Practicar a relaxación.
- Desenvolver o control da motricidade fina e grosa así como o esquema corporal.
- Afianzar- los conceptos espacio-temporais.

METODOLOXÍA

Dende o punto de vista didáctico poderíase sinalar que non é necesaria unha didáctica específica; o que se pretende é fomenta- la comunicación, establecendo situacións comunicativas que facilitan que os /as nenos/as falen traballando a súa linguaxe. Para elo, ofrecemos exemplos de situacións interactivas así como o XOGO como principal guía de traballo.

Realizaranse ademais actividades de coordinación e desenvolvemento motor a través de contos participativos, láminas ou debuxos con formas que recorden os movementos que imos a traballar.

O traballo específico dos fonemas lévarase a cabo na seguinte orde e sempre profundizando co vocabulario a traballar na clase:

- FONEMAS VOCÁLICOS
- FONEMAS NASAIS(m,n,ñ)
- FONEMAS OCLUSIVOS (p,t,k,b.d.g)
- FONEMAS FRICATIVOS (f,z,j,s,y)
- FONEMA AFRICADO (ch)
- FONEMAS LÍQUIDOS (l,ll,r)

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

O principal instrumento para avaliar é a observación directa das actividades realizadas.